

## Arousa Norte diseña un plan para sacarle partido á natureza e ao patrimonio

Pretende promover a práctica de deportes ao aire libre e a realización de rutas de carácter cultural

**M. X. Blanco** | 17/2/2008

Aproveitar os recursos naturais e patrimoniais cos que conta a comarca de Barbanza para a súa promoción turística forma parte do paquete de accións que Arousa Norte pretende levar a cabo ao longo deste ano. Para conseguilo, a mancomunidade deseñou un plan que inclúe a organización de actividades deportivas ao aire libre e a sinalización de rutas que percorran os principais expoñente do rico patrimonio material e inmaterial da zona. O obxectivo da entidade é lograr apoio económico da Deputación coruñesa para desenvolver estes proxectos.

No eido deportivo, a intención de Arousa Norte é facer partícipes ás empresas de lecer e de aventura existentes en Barbanza, así como aos habitantes da comarca e aos visitantes. Nunha primeira edición, a experiencia desenvolveríase no territorio de Ribeira para, en anos sucesivos, levala a cabo nos distintos municipios da zona, convidando a veciños e a turistas.

A proposta da mancomunidade inclúe unha xornada de sendeirismo por un tramo homologado, un percorrido en bicicleta, unha ruta a pé para a recollida de residuos, unha sesión de tiro con arco, unha carreira pedestre, unha proba de orientación mediante pistas agochadas e unha travesía náutica desde o porto de Aguiño ata o Parque Nacional das Illas Atlánticas, cunha visita a Sálvora.

## Treitos guiados

Para dar a coñecer o patrimonio, Arousa Norte pretende deseñar e sinalizar dous itinerarios en cada municipio, un pola zona rural e outro pola urbana. A maiores, a mancomunidade avoga por organizar charlas e rutas guiadas coa fin de dar a coñecer os recursos materiais e inmateriais da comarca.

Como actividades complementarias, a entidade supramunicipal propón a organización de cursos para a formación de monitores e de animadores turísticos, así como a posta en marcha de concertos, representacións teatrais e sesións de narradores de historias.



© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A.

Comercializa publicidad local:

Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España).

Comercializa publicidad nacional:

R.M. de A Coruña: tomo 2438 del Archivo, Sección General, folio 114 vto., hoja C-2141. CIF: A-15000649.